

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 14 DE ABRIL DE 2023

SEÑORES/AASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a catorce de abril de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as

oito horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 12 de abril de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS (2) POSTOS DE TRABALLO DE AUXILIARES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da necesidade de proceder á provisión de dous postos de traballo na categoría de auxiliar de axuda no fogar, consignados no cadro de persoal do vixente orzamento municipal prorrogado, que se atopan vacantes na actualidade como consecuencia do pase a situacións de incapacidade permanente e excedencia

das traballadoras que ata a data prestaban dito servizo. A provisión definitiva de ditos postos de traballo está incluída no procedemento extraordinario de consolidación de emprego temporal iniciado xa polo Concello. Porén, o tempo requirido para o desenvolvemento total do dito proceso aconsella proceder a unha provisión temporal previa de ditos postos de traballo, namentres non se remate dito proceso, por mor da imprescindible prestación dun servizo tan prioritario e sensible como a axuda no fogar dos/as usuarios/as dependentes, que se atopan en situación de gran necesidade e vulnerabilidade, e cuxa eventual suspensión e/ou interrupción produciría prexuízos de difícil reparación ao funcionamento dese servizo público. Óptase no presente caso pola utilización da modalidade de contratación temporal por circunstancias da produción dado que a baixa das traballadoras existentes polas causas expostas ocasionan un evidente desaxuste temporal entre o emprego dispoñible e o que se require.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar convocatoria pública para a provisión laboral temporal de dous postos de traballo de auxiliares de axuda no fogar consignados no vixente cadro de persoal laboral do Concello.

Segundo.- Aprobar as seguintes bases que rexerán o procedemento selectivo, que se realizará a través do sistema de concurso de méritos:

BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR

1ª OBXECTO

A finalidade destas bases é establecer o procedemento que regulará a provisión de dúas prazas de auxiliar de axuda no fogar través dun proceso selectivo polo sistema de concurso.

Ditos postos de traballo están consignados no Orzamento Xeral do Concello para 2017 aprobado por acordo do Pleno do 28.11.2017, prorrogados a esta data para o ano 2023.

2ª MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

Os contratos formalizaranse na modalidade de contrato temporal por circunstancias da produción. Un contrato realizarase por tempo completo, cunha xornada semanal de 37,5 horas; e o outro será por tempo parcial, cunha xornada semanal de 15 horas á semana en fins de semana.

A duración máxima do contrato, con independencia das outras causas resolutorias previstas legalmente, virá determinada polo suposto que antes se produza dos seguintes: polo esgotamento da duración máxima prevista legalmente para esta modalidade de contratación ou pola cobertura regulamentaria das prazas. A duración do contrato será ata un máximo de

seis meses, condicionados á existencia de usuarios en situación de dependencia incluídos no programa de asignación de recursos (PAR) do sistema de dependencia e a disposición de financiamento axeitado por parte do organismo competente da Xunta de Galicia.

As funcións propias dos postos de traballo serán as que, dentro dos contidos do servizo definidos no art. 6º da *Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar vixente*, sexan axeitadas e se correspondan co acordo de servizo asinado entre a persoa usuaria e o Concello e particularmente aquelas que non entren en contradición coas competencias profesionais establecidas no ciclo formativo que se esixe para optar a estes postos.

As retribucións brutas están fixadas, no caso do contrato a tempo completo, en 1.260,00 euros/mes máis un complemento mensual 106,09€ en concepto de plus de transporte. No caso do posto ofertado por tempo parcial a retribución será proporcional ao tempo traballado.

A relación contractual rexerese pola lexislación laboral, sendo de aplicación principalmente o RDLex. 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o TR da *Lei do estatuto dos traballadores* e o RDLex. 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da *Lei do estatuto básico do empregado público*, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas e demais normativa estatal e autonómica.

3ª REQUISITOS DOS ASPIRANTES

- a) Tela nacionalidade española, sen prexuízo de nacionais doutros Estados observando o disposto no artigo 57 do *Estatuto básico do empregado público*.
- b) Ter capacidade funcional para a realización do traballo. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase cunha certificación expedida polo organismo competente.
- c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública mediante expediente disciplinario, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou situación equivalente nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión do carné de conducir da clase B.
- f) Dispoñer de vehículo para as necesidades do servizo.
- g) Estar en posesión da titulación esixida no artigo 16.4 do Decreto 99/2012 (técnico en atención a persoas en situación de dependencia ou equivalente, ou certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria a persoas no domicilio).

Os aspirantes deberán cumprir tódolos requisitos esixidos nestas bases na data de remate de presentación de instancias e mantelos ata a data de formalización dos contratos.

4ª PRESENTACIÓN E ADMISIÓN DE CANDIDATOS

4.1 Preselección de candidatos mediante chamamento ao Servizo Público de Emprego:

O Concello presentará oferta xenérica de emprego na Oficina Pública de Emprego, nos modelos normalizados ao efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os aspirantes a ser contratados, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade a desenvolver, facendo constar a categoría profesional/postos a desenvolver. En todo caso, ditos criterios e requisitos específicos corresponderase co previsto, ao respecto, na base terceira das presentes bases, e non poderán conter, en ningún caso, elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación baseada en criterios persoais e/ou subxectivos e ao marxe dos principios de obxectividade e imparcialidade que deben guiar o presente proceso.

4.2 Sistema de selección de candidatos:

Unha vez remitidos ao Concello, por parte da Oficina Pública de Emprego, a relación de candidatos preseleccionados para a súa posible contratación, conforme aos criterios e requisitos previamente solicitados, a Xunta de Goberno Local, nos termos do previsto nestas bases, procederá a selección definitiva dos mesmos, co obxecto de seleccionar e contratar ao persoal que deba ser obxecto de incorporación.

O sistema de selección a empregar consistirá nun concurso de méritos, no que se procederá á valoración dos méritos alegados polos diferentes candidatos, coa finalidade de valorar a adecuación e idoneidade dos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego para o adecuado desenvolvemento das funcións, contidos e actividades do posto obxecto de cobertura.

A estes efectos, no proceso de selección valoraranse os seguintes méritos, cuxa documentación acreditativa dos mesmos deberá entregarse no Rexistro Xeral do Concello de Rodeiro, no prazo máximo de 5 días naturais dende o día seguinte ao fixado polo SPEG para a súa presentación no Concello.

- Instancia oficial que acompaña a estas bases. (Anexo I)
- Copia do DNI
- Copia do carné de conducir
- Declaración xurada de reunir o requisitos d) e f) da base terceira. (Anexo II)
- Copia da formación requirida para tomar parte no procedemento.
- Os méritos alegados para valorar na fase de concurso. Estes deberán acreditarse mediante documentos orixinais ou copias cotexadas.

Os documentos presentados serán dixitalizados e os orixinais devolveránselle ao interesado no momento da presentación.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o alcalde aprobará mediante resolución a lista provisional de admitidos e excluídos. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos e será exposta no taboleiro de anuncios do Concello e notificada aos interesados na súa dirección de e-correo.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dous días hábiles para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará da mesma forma. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse un recurso de reposición no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

5ª DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

O sistema de selección será o de concurso. Establécese unha puntuación máxima de 10 puntos e 0 puntos de mínima.

FASE DE CONCURSO: voluntaria e non eliminatória

O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente conforme ao seguinte baremo:

- a. *Por asistencia a cursos de formación ou perfeccionamento* sobre materias relacionadas coas tarefas e funcións propias do posto o que se aspira, impartidos, homologados ou recoñecidos por organismos ou institucións públicas:

- Por cada curso de 10 a 20h: 0,05 puntos
- Por cada curso de 21 a 50h: 0,10 puntos
- Por cada curso de máis de 50h: 0,20 puntos

Os cursos de coñecemento da lingua galega, valoraranse de acordo co seguinte criterio:

- Celga 1: 0,05 puntos
- Celga 2: 0,10 puntos
- Celga 3 ou certificado de iniciación: 0,15 puntos
- Celga 4 ou certificado de perfeccionamento: 0,20 puntos

(No caso de posuír varios cursos, soamente se aplicará a puntuación do superior)

A puntuación máxima neste apartado será de 2,00 puntos. Os cursos nos que non se exprese a súa duración en horas non serán valorados.

- b. *Experiencia profesional:*

A xustificación da experiencia laboral farase mediante informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, acompañado necesariamente do contrato de traballo. No suposto de traballos realizados en administracións públicas, poderá substituírse o contrato de traballo por un certificado expedido pola persoa con competencia en materia de persoal na que conste de forma fidedigna o tempo traballado, a categoría profesional desempeñada e as funcións exercidas.

- Por cada mes de traballo realizado en postos de traballo análogos na administración pública..... 0,10 puntos

- Por cada mes de traballo realizado en postos de traballo análogos noutras entidades ou empresas..... 0,05 puntos

A puntuación máxima neste apartado será de 8,00 puntos.

Para a determinación do número de meses acreditados polos interesados calcularase o número de días que transcorren entre a data inicial do período de servizos alegados e a data final de este. O número de días obtido dividirase entre trinta, de forma tal que o cociente enteiro resultante desta división será o número de meses por servizos prestados acreditados polo interesado Polo tanto, todos os meses de servizos computaranse como trinta días. O resto de días inferiores a trinta que arroxe a anterior operación non será obxecto de consideración para o cómputo na valoración. A efectos do cómputo da experiencia profesional, terase en conta a xornada de traballo realizada e a proporcionalidade que para cada período contractual resulte do informe de vida laboral.

Os documentos non entregados para a xustificación e valoración dos méritos no proceso selectivo, nos prazos establecidos nas presentes bases, tanto de presentación inicial como de emenda, non serán tidos en conta na valoración e non puntuarán.

A existencia dunha omisión ou falsidade nos documentos presentados para demostrar calquera dos méritos, debidamente demostrada, será causa de exclusión do proceso de selección. Si se demostra posteriormente falsidade será causa de rescisión do contrato.

En caso de empate entre un ou máis candidatos terá preferencia aquel que obtivese unha mellor puntuación obtida na valoración da experiencia profesional acreditada. De persistir o empate, resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos/as interesados/as.

6ª PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

A Xunta de Goberno Local realizará a baremación das candidaturas e acordará a contratación a favor dos aspirantes que obtiveran a puntuación máis alta para cada unha das prazas ofertadas. Entenderase que a persoa aspirante con maior puntuación opta pola praza a tempo completo, adxudicándose ao segundo clasificado o posto de traballo a tempo parcial.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante proposto non chegue a formalizar o contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte na orde de puntuación total final acadada.

Determinarase unha lista reserva de contratación co resto dos aspirantes por orde decrecente das puntuacións acadadas no procedemento de selección, coa finalidade de cubrir rexeitamentos, vacacións e outras vacantes temporais de natureza similar. As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte desta bolsa de traballo, de tal maneira que se acudirán a dita bolsa chamando aso candidatos segundo a orde de puntuación.

7ª LISTA DE RESERVA DE CONTRATACIÓN

Estará formada con todos os aspirantes que non sexan propostos para a súa contratación. Estas persoas poderán ser chamadas para futuras contratacións derivadas de estar a praza vacante (rexeitamento voluntario e falecemento), vacacións e outras vacantes temporais de natureza similar (permisos laborais).

Esta lista terá vixencia ata a duración do tempo máximo deste contrato (seis meses). As comunicacións de comparecer para ocupar un posto realizaránse telefonicamente polo persoal de Servizos Sociais. Se no momento de ser chamado estivera traballando, non volverá ser avisado ata que comunique nas oficinas municipais a súa nova situación de desemprego, se ben non perderá o seu lugar na lista.

Se polo contrario, ao ser chamado renuncia ao posto sen causa xustificada, a primeira vez pasará a ocupalo último lugar da lista, e á segunda será excluído/a da mesma. A renuncia voluntaria e sen xustificación a un contrato xa asinado antes da súa finalización, producirá os mesmos efectos que os arriba contemplados.

Son causas xustificadas da renuncia e polo tanto a que non se apliquen as medidas correctoras sinaladas no anterior parágrafo as seguintes acreditadas documentalmente:

- Incapacidade temporal por enfermidade ou accidente
- Estar en situación de alta laboral

O prazo para achegar a devandita documentación dende o chamamento será de dous días naturais. Neste suposto, quedará en situación de suspensión provisional e non será chamado ata que o interesado comunique a nova situación de dispoñibilidade.

8ª FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

No prazo de dous días seguintes á data da publicación do resultado do proceso de selección, os aspirantes deberán presentar no rexistro xeral do Concello a seguinte documentación:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza xudicial.
- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin eiva física ou mental que lle incapacite para o normal exercicio das funcións propias do posto de traballo.
- Código de conta bancaria na que sexa titular para o abono do salario.

9ª EXPOSICIÓN DAS BASES

As presentes bases, unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local, expóranse ao público durante o prazo de presentación de instancias no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, www.rodeiro.gal.

De presentarse reclamacións ás bases, que non suspenderán o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso selectivo, a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada algunha das suxestións formuladas, abrírase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases non caberá recurso algún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poña fin ao procedemento.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

				
PARTICIPACIÓN NUN PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSONAL				
DATOS DO SOLICITANTE				
DNI/CIF	Nome e apelidos			
Enderezo:	Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		
Data de nacemento	Teléfono			
Correo electrónico:				

O abaixo asinante, coñecedor da convocatoria pública realizada polo Concello de Rodeiro para a provisión de dous postos de **auxiliar de axuda no fogar**,

DECLARO:

1. Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
2. Solicito ser admitido/a ó referido concurso-oposición, achegando relación de méritos que acredito, e comprométo-me a someterme ás bases que o regulan.

AUTORIZO:

- Que se incorpore, para valoración, o certificado de servizos prestados no Concello de Rodeiro.
- Que publiquen os meus datos persoais no taboleiro e na páxina web do Concello.

Rodeiro, ____ de _____ do 2023

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RODEIRO

ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA

Eu _____, con DNI _____, maior de idade, con domicilio no Lugar de _____

DECLARO:

1. Estar en posesión da Titulación e demais requisitos específicos esixidos nas bases de selección.
2. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondente función.
3. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin me atopo inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de función públicas.
4. Que dispoño de vehículo para as necesidades de desprazamento derivadas do servizo.

Rodeiro, a ____ de _____ de 2023

Asdo.:

3.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 5 DA OBRA DE "HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN", INCLUÍDA NO PROGRAMA REACPON

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 5 correspondente á obra de "Humanización e mellora peonil da rúa Aviador Gumersindo Areán", incluída no Programa REACPON, por importe de CENTO

SEIS MIL SEISCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON DOCE CÉNTIMOS (106.673,12 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra VILARIÑO ESP S.L., por un importe de 106.673,12 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 0109 (FACe), de data 11/04/23, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

4.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- LA VOZ DE GALICIA S.A. 242,00 €
Por publicidade institucional do Concello no especial “*polígonos industriais*”, s/factura núm. P23001897 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 1.967,90 €
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. 000810.
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 190,37 € E 89,36 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de marzo de 2023, s/facturas núm. 4003646456 e 4003642599 (FACe).
- ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE INVIERNO A SANTIAGO 1.000,00 €
Por cota anual de pertenza á Asociación, s/cargo.
- ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE 600,00 €
Por cota anual de pertenza á Asociación, s/recibo.

- CONSULTORÍA ICAL S.L. 4.791,60 €
Por abono total do contrato de servizo para a actualización, informatización e peche contable do exercicio económico 2022, s/factura núm. 2023.008.
- MARÍA ELENA JORGE MATO 57,00 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- RODOIL S.L. 60,98 €
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de marzo de 2023, s/factura núm. 2023/230000105 (FACe).
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 193,36 €
Por traballos de reparación do vehículo da AVPC, s/factura núm. C 9817.
- ALUMINIOS APERGLASS S.L. 209,50 €
Por traballos realizados no pavillón polideportivo municipal e no PAI, s/factura núm. 20230040.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 767,70 € E 329,18 €
Por traballos de reparación de vehículos municipais, s/facturas núm. C 9815 e C 9816.
- FELIPE LÓPEZ CORRAL 514,25 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 818.
- MARCOS GARCÍA VILLANUEVA 468,00 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público municipal, s/factura núm. 32.
- MANUELA ÁGUILA LAMAS 1.378,19 €
Por diversos traballos de ferraxería para o Concello, s/factura núm. 33.
- FERRODEIRO S.L. 966,51 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 000811.

- RODOIL S.L. 111,43 €, 153,98 €, 84,93 €, 10,64 €, 422,64 €, 149,62 €
E 122,25 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de marzo de 2023, s/facturas núm. 2023/23000106, 2023/23000107, 2023/23000109, 2023/23000110, 2023/23000111, 2023/23000112 e 2023/23000113 (FACe).
- RODOIL S.L. 10,00 €
Por lavado do camión de recollida do lixo no mes de marzo de 2023, s/factura núm. 2023/23000108 (FACe).
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 1.113,04 €
Por diversas reparacións no camión de recollida do lixo, s/factura núm. C 9814.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.397,21 €
Por subministro de combustible aos camiões de recollida do lixo no mes de marzo de 2023, s/factura núm. FA – 422.
- ELENA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ 1.657,00 €
Por servizo de chocolate con churros para os participantes na cabalgata de Reis, s/factura núm. 32.
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.147,08 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041216802 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)